

PREGUNTA 1. Aplicación de conceptos. (2 puntos).

Competencias que se van desenvolver a partir da pregunta 1:

- 1.- Capacidade de percepción e identificación.
- 2.- Capacidade de comunicación escrita, máis alá do discurso académico.
- 3.- Coñecemento de vocabulario técnico e habilidade no seu uso.

Obxectivos:

- 1.- Que o alumnado aprenda a ver a obra de arte como un sistema organizado no que se pode aplicar terminoloxía específica.
- 2.- Ser capaz de seleccionar e identificar conceptos específicos da disciplina.
- 3.- Adquisición dun vocabulario específico da historia da arte.

Descrición do exercicio

A proba farase por escrito e realizarase a partir de catro obras sobre as que o alumnado poida aplicar os coñecementos adquiridos ó longo do curso. En primeiro lugar, procederase á identificación dos termos específicos da materia presentes en cada unha das imaxes. En segundo lugar, seleccionará catro que deberá definir, cunha mínima articulación gramatical.

Criterios de avaliación.

Criterio	Elemento que deberá aparecer	Peso
Identificación	Selección de termos	20 %
Comprensión do vocabulario pertinente	Léxico técnico específico	60%
Corrección gramatical e capacidade de expresión escrita	Dominio básico da morfosintaxis.	20%

PREGUNTA 2. Redacción dun artigo divulgativo. (2 puntos).

Competencias que se van desenvolver a partir da pregunta 2.

1. Desenvolver un pensamento crítico e independente a partir dos temas e problemas que formula a historia da arte, tanto desde unha perspectiva cronolóxica como conceptual.
- 2.- Comunicar por escrito de xeito coherente o pensamento crítico adquirido.

Obxectivos

1. Conseguir que cada estudante redacte un artigo que podería ser publicado en calquera medio de comunicación escrita de carácter divulgativo.

2.- Fortalecer a capacidade dos/as alumnos/as á hora de investigar, documentar, redactar, chegar e difundir coñecemento.

Descrición do exercicio

A partir dun suposto realista proponse aos/as alumnos/as a elaboración dun texto de extensión limitada (máximo 400 palabras), a través do cal poida comprender as posibilidades que ten a historia da arte á hora de ser analizada, explicada e transmitida a través de medios de comunicación escrita.

Criterios de avaliación.

Criterio	Elemento que deberá aparecer	Peso
Solidez das ideas expresadas	Argumentación correcta e sólida e coherente.	70%
Comunicación escrita	Redacción correcta na forma e no manexo dos conceptos e recursos semánticos,	30%
Coherencia final	O texto contén unhas conclusións coherentes e expresado no artigo.	10%

PREGUNTA 3 e 4. Análise dunha obra. (3 puntos).

Competencias que se van desenvolver a partir da pregunta 3 e 4.

1. Saber ver (en particular, a capacidade de mirar a obra de arte como un produto individual e á vez colectivo, ligado a unha tradición, xénero artístico e maneira de facer)

2. Capacidade de observación (análise e comparación)

3. Capacidade de abstracción.

4. Intuición

5. Memoria visual (concretamente, a capacidade de recordar outras obras coetáneas ou similares á analizada)

6. Coñecemento dalgunhas técnicas e procedementos artísticos.

Obxectivos

1. Saber diferenciar o grao de proximidade da obra con respecto á natureza.

2. Aprender a identificar os rasgos característicos propios e definidores dun estilo ou xénero artístico.

3. Saber contextualizar nun marco histórico e cultural a obra proposta.

Descrición do exercicio

É un exercicio especialmente interesante para aprender a mirar cos ollos do artista e para entender que a arte é sempre unha abstracción da realidade.

Tamén permite entender a obra de arte en todas as súas dimensións: formais, estilísticas, espaciais, históricas e iconográficas e iconolóxicas.

O alumnado deberá proceder á clasificación e catalogación dunha das dúas obras propostas. Así mesmo, terá que contextualizala no marco histórico e estilístico correspondente. Por último, deberá analizar empregando a terminoloxía adecuada todos os seus elementos significativos e significantes.

Criterios de avaliación.

Criterio	Elemento que deberá aparecer	Peso
A identificación da obra e a tradición artística a que pertence	Cronoloxía Estilo Obra Autor	20%
O recoñecemento dos principais elementos formais que teñen sido determinados por convencións e clichés artísticos	Rasgos «de época» Rasgos do estilo Rasgos da praxis artística Rasgos do artista	50%
A intuición do/a estudante para descubrir outros elementos menos evidentes.	Rasgos «de época» Rasgos do estilo Rasgos da praxis artística Rasgos do artista	20%
Corrección gramatical y capacidad de expresión escrita.	Dominio básico da morfosintaxis.	10%